

PLAN DE



IGUALDADE



CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA

CURSO 2019-202

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

5. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

5.1. Organización do centro

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

7. BIBLIOGRAFÍA

1. INTRODUCCIÓN

O logro de conseguir unha maior igualdade entre homes e mulleres segue sendo hoxe un obxectivo que se enmarca dentro de ofrecer unha educación que brinde ao noso alumnado o conxunto de capacidades básicas de tipo cognitivo, emocional e ético que lle permita obter unha educación íntegra ao longo da súa estancia na escola.

O compromiso da tarefa formativa de desenrolar no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos lévanos necesariamente a abordar o respecto da igualdade de sexos.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

É preciso, polo tanto, prestar atención ao proceso de convivencia no noso centro para conseguir que se valore de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar un Plan específico de Igualdade no noso colexio co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a toda a comunidade educativa.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

O Plan diríxese en primeiro lugar a toda a comunidade educativa, de tal xeito que se pretende involucrar a todo o alumnado, profesorado, persoal non docente, nais, pais e demais persoas que son responsables da coeducación.

Unha das finalidades deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectivo e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante.

Para a construción da igualdade na sociedade é preciso que se constrúa unha reflexión global importante sobre que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo

tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria.

É preciso que en todos os ámbitos da educación se faga énfase na necesidade de camiñar cara á corresponsabilidade, de tal xeito que se modifiquen os patróns de conduta adquiridos pola tradición familiar e social que crearon etiquetas para as distintas tarefas en función do sexo.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

2.1. Marco normativo

Para elaborar o presente Plan de Igualdade tívose en conta a seguinte normativa vixente:

• Normativa estatal

- Constitución Española de 1978. Artigo 14.
- Resolución do Parlamento Europeo de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre homes e mulleres.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, ademais de tratar a igualdade entre homes e mulleres trata a necesidade dunha valoración crítica das desigualdades para superar os comportamentos sexistas.
- Lei orgánica 3/2007. Artigos 23 e 24.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

• Normativa autonómica

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
 - Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.
 - Artigo 23. Actitudes.
 - Artigo 24. Formación do persoal docente.
 - Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA.
 - Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.
 - Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.
 - Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.
 - Artigo 23. Actitudes.
 - Artigo 24. Formación do persoal docente.
 - Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA.

• **Nos plans e proxectos de centro**

No **Plan de convivencia do centro** podemos nomear os seguintes obxectivos e accións encamiñadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a previr a violencia de xénero:

- ✓ Axudar a asumir e practicar os valores cívicos e democráticos: o respecto polas persoas, tolerancia, a solidariedade, os dereitos humanos, a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- ✓ Preparar para a vida social adulta a través da formación integral do alumnado.
- ✓ Aprender a resolver os conflitos de forma pacífica, primando o diálogo e o entendemento.

No **Plan de acción tutorial**:

- ✓ Coñecer as características dos alumnos e alumnas a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar coa finalidade de programar respostas educativas axeitadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- ✓ Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, no relativo a promoción da súa autonomía e da

potenciación dos seus valores.

Nas **Normas de organización e funcionamento de centro:**

ALUMNADO. DEREITOS E DEBERES

DEREITOS DO ALUMNADO

- ❖ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio da nosa sociedade.
- ❖ Coñecer as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación por diversos motivos.
- ❖ Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

DEBERES DO ALUMNADO

- ❖ Respectar e comprender as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación por diversos motivos.
- ❖ Respectar a todos os membros da comunidade educativa, especialmente a compañeiros e compañeiras.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia

A análise da situación do centro levarémola a cabo co fin de visualizar as diferenzas e detectar as desigualdades que se producen tanto na práctica docente como na organización escolar do noso centro. Esta análise pode ser unha boa oportunidade para a formación dos membros da comunidade educativa, en materia de coeducación e igualdade de xénero, xa que propicia a observación, a reflexión, o debate...

A realidade da que partimos no noso centro en materia de igualdade é a seguinte:

- Rexistro de datos no centro:
 - Composición do Claustro: 16 mestras e 2 mestres.
 - Cargos de responsabilidade: Directora , xefa de estudos e secretaria.
 - Alumnado: hai paridade.
 - Consello Escolar: Dos 15 compoñentes, 14 son mulleres e 1 home.
- ANPA: 6 mulleres e 1 home.
- Persoal non docente: tres persoas, todas elas son mulleres.

DEBILIDADES

- A participación das familias na vida do centro vese representada maioritariamente por nais, que son as que asisten maioritariamente ás titorías, xornadas de portas abertas e demais actividades ás que se convocan as familias; así como ás reunións.
- En canto aos Libros de Texto e Materiais Didácticos, aínda que nos últimos anos viuse unha melloría no uso do feminino, segue habendo un abuso do masculino en moitos aspectos, tanto nas ilustracións como nos textos empregados.

FORTALEZAS

- Linguaxe utilizado nos documentos do Centro (PC), Actas, circulares internas, comunicacións ás familias e ao alumnado e Axenda Escolar. Obsérvase que nos últimos anos o xenérico inclusivo (profesorado, alumnado,...) aumentou o seu uso.
- En relación á distribución e uso do patio.
En cursos pasados apreciabamos unha relación de poder dos alumnos sobre as alumnas no espazo libre, xa que eran estes os que ocupaban a parte central do patio. Os espazos ocupados polas alumnas estaban reducidos ás zonas periféricas; ademais, as actividades que realizaban tamén diferían, os alumnos realizaban máis actividades e xogos principalmente físicos, sobre todo fútbol. As nenas realizaban xogos máis tranquilos. O curso pasado melloramos este aspecto a través de “recreos dinámicos” coordinados polo profesorado de Educación Física, organizando estes do seguinte xeito: martes (xogos populares), mércores (xogos sen material) e xoves (xogos con pelota).
- Na Etapa de Educación infantil o emprego dos espazos, a actividade desenvolvida e as relacións que se establecen entre os nenos e as nenas son máis igualitarias.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Favorecer a práctica docente coeducativa no centro escolar.
- Garantir a incorporación e a perspectiva de xénero e igualdade de oportunidades a través dos documentos organizativos do centro.
- Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos.

- Potenciar a colaboración familia-escola na educación para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Dar visibilidade ás boas prácticas coeducativas en materia de igualdade.
- Participación de distintos axentes sociais que permitan visibilizar a diversidade.
- Visibilizar e eliminar os estereotipos da sociedade en canto a roles profesionais de xénero.
- Implicar á comunidade educativa neste Plan de Igualdade.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen na escola.
- Realizar actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización reais e cibernéticos (redes sociais, videoxogos etc).
- Facilitar orientacións para a comunidade educativa que permitan a detección precoz daquelas condutas relacionadas coa violencia de xénero.
- Correlación con outros programas, proxectos e plans de centro en relación coa diversidade e convivencia.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Educar nos conceptos de igualdade de xénero.
- Axudar e ensinar á resolución de conflitos sen violencia.
- Valorar os xogos, xoguets e actividades que desenrolem actitudes de cooperación, amizade, respecto ás diferenzas e relacións de igualdade.
- Ser capaces de establecer grupos mixtos nas actividades educativas, lúdicas e deportivas.
- Educar na empatía.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Realizar actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.
- Facilitar orientacións para a comunidade educativa que permitan a detección precoz daquelas condutas de LGBTIfobia.

- Correlación con outros programas, proxectos e plans de centro en relación co LGBTI.
- Empregar unha linguaxe non sexista.
- Desmitificar as tarefas, estudos e profesións femininas/masculinas.

5. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

5.1. Organización do centro

- Dar visibilidade á persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Difundir o Plan de Igualdade entre a comunidade educativa.
- Promover e impulsar a formación do profesorado, do alumnado e as familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva, non sexista e igualitaria nas distintas tarefas do centro.
- Colaborar e solicitar apoio por parte doutras entidades en materia de actividades coeducativas.
 - Coa Consellería a través de charlas programadas para nais e pais.
 - Co Concello a través da Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude. Participación no Programa de Educación para a Igualdade *Contamos igual*.
 - Coa ANPA a través de tres actividades repartidas unha por trimestre:
 - ✓ 1º trimestre: Obra de teatro “Iriña bailarina”.
 - ✓ 2º trimestre: Xincana coeducativa para toda a comunidade escolar.
 - ✓ 3º trimestre: Charlas en colaboración coa garda civil.
 - Cos centros educativos da localidade na realización de actividades coeducativas. A primeira con título *Contas ou cantas?*, a segunda *Fotografías que contan igualdade* e a última o *Festival Contamos Igual*, unha xornada de convivencia entre centros educativos para dar a coñecer o traballo realizado polas alumnas e alumnos de cada centro.
 - Coa Garda civil a través de charlas de sensibilización dirixidas ás familias e alumnado.
- Concretar e organizar actividades arredor das seguintes datas:
 - 25 de novembro - Día Internacional da eliminación da violencia de xénero.
 - 8 de marzo - Día Internacional da Muller
- Revisar e actualizar o material didáctico con perspectiva de xénero.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero, incluíndo a mulleres

relevantes nos distintos ámbitos do saber.

- Realizar actividades de sensibilización na aula.
 - Co comezo do curso repartirase entre as nenas e nenos de 5º e 6º de Educación Primaria unha axenda escolar coeducativa, contará con información, xogos, datos de interese e recomendacións de libros e películas orientadas á educación en igualdade, contribuíndo tamén a sensibilizar e concienciar ao alumnado.
 - Realización de obradoiros para sensibilizar ao alumnado para que asuma e integre os valores da igualdade e se relacione sen prexuízos e libre de estereotipos sexistas; e integrar a educación afectivo-sexual, xa que dispor de coñecementos sobre a sexualidade favorecerá que o alumnado poida desenvolver relacións afectivas saudables baseadas no respecto.

Os obradoiros organizaranse en distintas sesións:

- ❖ 1ª sesión: As siluetas: sexo e xénero.
 - ❖ 2ª sesión: debuxos sexistas.
 - ❖ 3ª sesión: Que me cantas? ou contas...
 - ❖ 4ª sesión: O noso corpo.
 - ❖ 5ª sesión: Diversidade sexual.
 - ❖ 6ª sesión: De mulleres ou de homes?
 - ❖ 7ª sesión: Mirándonos no espello dos micromachismos.
 - ❖ 8ª sesión: E ti, que pensas sobre a sexualidade?
 - ❖ 9ª sesión: Deixando atrás a infancia.
 - ❖ 10ª sesión: Diversidade sexual.
- Realizar actividades de información e sensibilización en colaboración coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información nos taboleiros do centro.
- Dende a biblioteca escolar veranse películas e realizaranse lecturas co fin de eliminar estes estereotipos.

	PELÍCULAS	LIBROS
SETEMBRO	Vaiana	Marta e Píntega
OUTUBRO	Apuntaste a ver unha peli?	Las chicas son guerreras
NOVIEMBRE	Del revés	O lapis máxico de Malala
DECEMBRO	Quiero ser como Beckham	Unha nena seducida polos libros
XANEIRO	A viaxe Chihiro	Usha
FEBREIRO	Enredados	Carapuchiña “en rose”
MARZO	Figuras ocultas	Pioneras: galegas que abriron camiño
ABRIL	Mulan	O capitán Maimiño
MAIO	Zootropolis	Unha chea de familias
XUÑO	Billy Elliot	Bandeiras negras

- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade de xénero.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación social, dende a orientación educativa.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades deportivas, artísticas, lúdicas, etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para determinar o bo funcionamento dun plan precisamos dunha serie de indicadores que nos permitan determinar a idoneidade das medidas postas en práctica ou aquelas propostas de mellora de cara os seguintes cursos.

MEDIDAS DE ACTUACIÓN	INDICADORES
Nomear a unha persoa responsable en materia de Igualdade.	Nomeada: O Si O Non
Difundir o Plan de Igualdade entre a comunidade Educativa.	Difundido: O Si O Non
Promover e impulsar a formación do profesorado, do alumnado e as familias en materia de igualdade.	Promovido e impulsado: O Si O Non
Empregar unha linguaxe inclusiva, non sexista e igualitaria nas distintas tarefas do centro.	Conseguido: O Si O Non
Colaborar e solicitar apoio por parte doutras entidades en materia de actividades coeducativas.	Solicitada: O Si O Non Entidades participantes:
Concretar e organizar actividades arredor das seguintes datas: 25 de novembro: Día Internacional da non violencia. 8 de marzo: Día Internacional da Muller.	Conseguido: O Si O Non
Revisar e actualizar as programacións e o material didáctico desde unha perspectiva de xénero.	Conseguido: O Si O Non
Realizar actividades de sensibilización na aula.	Conseguido: O Si O Non
Realizar actividades de información en sensibilización en colaboración coas familias.	Conseguido: O Si O Non

Realizar lecturas e visionar películas recomendadas dende a biblioteca para eliminar estereotipos.	Nº de libros e películas sobre a temática.
Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.	
Promover actividades de titor/a onde o respecto e a convivencia sexa un eixe fundamental.	
Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.	Conseguido: O Si O Non

7. BIBLIOGRAFÍA

- MICHEL, Andree: 1987. Fuera moldes. Hacia una superación del sexismo en los libros escolares. Barcelona.Ed.: La Sal-Horas y horas.
- FERNÁNDEZ ENGUITA, Mariano: 1991. Hágalo usted mismo:la cualificación del trabajo doméstico.La crisis de su aprendizaje y la responsabilidad de la escuela. Madrid. Ed:Centro de Publicaciones. Secretaría General Técnica.M.E.C.
- CREMADES, M^a Ángeles: 1991. Materiales para coeducar. Madrid. Ed.: Mare Nostrum.
- Propuestas metodológicas para el análisis de los textos literarios desde la perspectiva del género, incidiendo específicamente en los aspectos que fomentan los estereotipos sexistas.
- GARCÍA MESSEGUER, Álvaro: 1988. Lenguaje y discriminación sexual. Barcelona. Ed. Montesinos.
- FÖLSING, Vill: 1992. Mujeres Premios Nobel. Madrid. Ed. Alianza.
- V.V.A.A.: 1992. La agenda de las mujeres científicas. 1993. Madrid. Ed.: Horas y horas.

ENLACES A WEB DE INTERÉS:

[Consellería de Política Social](#)

[Secretaría Xeral da Igualdade](#)